



Lecturas refrescantes



«Dime qué les, e direiche que es»

XAVIER SEOANE

Esta guía foi realizada por todo o persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé
- * Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove

Catálogo do fondo bibliográfico:

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Páxina web municipal: **www.oleiros.org**

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel. 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1589-2011





Desde as bibliotecas municipais de Oleiros ofrecemos esta guía de lectura, formada por 308 recomendacións, cun dobre obxectivo: presentar obras de calidade literaria, artística ou científica para animar a súa lectura, audición ou visionado e lembrar que un libro, un cd, ou un dvd son tamén un bo agasallo.

Gustaríanos contribuír a despertar o pracer que pode proporcionar a lectura dun libro de forma lúdica e animamos os pais, as nais e os irmáns maiores a que lles lean libros ás nenas e nenos máis pequenos. A mellor maneira de facer lectores/as é ofrecendo imaxes lectoras, que o neno ou a nena vexa o pai, a nai ou o irmán ler.

Esta escolla foi realizada por todo o persoal das bibliotecas polo que nela poderán atopar publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

As obras recomendadas nas guías anteriores procuramos que non volvan figurar para que non se repitan e así achegar novidades ou obras clásicas que non seleccionásemos.

A clasificación que figura é:

INFANTÍS E XUVENÍS:

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- DVD e CD
- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos
- Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos
- Libros para adolescentes de 12 a 14 anos
- Libros para maiores de 14 anos



PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS:

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD audio

Desexamos que todas as persoas poidan atopar algunha obra que lles guste.



POESÍA E TEATRO INFANTIL E XUVENIL



Dez piratas

Gloria Sánchez. Ilustrado por Montse Gisbert. Alfaguara/Obradoiro
Eran dez piratas cobizosos coma ratas que saíron en busca dun tesouro, pero polo camiño van desaparecendo ata que só queda...




Grazas, padre Ramón

Manuel Daniel Varela Buxán. Fervenza
Comedia dramática escrita polo autor máis representado do teatro galego, que se adapta perfectamente ás aulas.

Huerto del limonar: poetas del 27

Selección de Ana Pelgrín, ilustracións de Rafael Vivas. Edelvives
Selección de poesías dos mellores poetas das vangardas, un xeito de achegarse, coñecer e amar a poesía do 27.



Me ha hecho poeta la vida.

Poemas de Miguel Hernández (libro + CD)

Miguel Hernández. Ilustracións de Miguel Tanco. SM
Fermosa obra cunha boa selección dalgúns dos máis coñecidos poemas de Miguel Hernández.





O meu gato é un poeta

(libro + CD)

Fran Alonso. Xerais

Xogos de palabras, caligramas, música..., para ofrecer unha proposta poética fresca e divertida.

A nena e o grilo

(libro + CD)

Magín Blanco. Ilustracións de Iván Prieto. OQO

Mosaico de textos, cancións e debuxos para fuxir do aburrimiento cunhas magníficas ilustracións.

No cubil da Lúa

Xoán Neira. Juan Darién. Baía

Poesías dedicadas a animais como o grilo, a toupa, a serpe, a lebre ou a tartaruga.



Recendos de aire sonoro

Antonio García Teijeiro. Ilustracións de Fino Lorenzo. Xerais

Fermoso libro de poemas con moita musicalidade, onde versos e notas musicais van da man. Deliciosas ilustracións de Fino Lorenzo acompañan os textos.

O segredo do faiado

Fusa Guillén. Émbora

Os faiados son lugares sucios, escuros e con moito misterio. Pero, que atopará Claudia no faiado da súa avoa tantos anos despois?



Tres mulleres do seu tempo

Heidi Kühn-Bode. Baía

Tres obras de teatro para dar a coñecer, dunha forma sinxela, tres mulleres galegas: a pintora Brigantia, a intelectual Xoana de Vega e a actriz María Casares.



Valentino Rufini e Ákil Pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)

Roberto Salgueiro. Baía

Comedia que transcorre nunha noite fría da Venecia do século XVIII, na que compartirán desexos, medos e sospeitas.



Versos para jugar al teatro

Gloria Fuertes. Ilustracións de Marifé Gonzalez. Susaeta

Ideal para que os/as máis pequenos/as da casa gocen dramatizando sinxelos versos cargados de enxeño e humor.

Zumo de granada y un tictac. Cuerpoemas II

Juan Cruz Iguerabide. Ilustracións de Elena Odriozola. Pearson Alhambra

Os poemas de Juan Cruz van percorrendo distintas partes do noso corpo: cabeza, mans, xeonllos, nocellos, etc. porque en cada un/unha de nós hai poesía:

*«En mi cuerpo
corre el tiempo
y con él corro yo»*



LIBROS DE COÑECEMENTOS INFANTÍS E XUVENÍS

¿Cómo lo ves?

The Metropolitan Museum of Art. SM
Unha primeira aproximación a como se mira un cadro, aprendendo a fixarse en cada detalle.

Arrollos e rodas

Ilustracións de Noemí López. Everest
Recompilacións de cancións tradicionais de berce e de roda.

La Edad Media explicada a los jóvenes

Jacques Le Goff. Paidós
Delicioso paseo pola Idade Media da man do historiador Jacques Le Goff.



Enigmas para resolver

Libsa
Contén xogos de lóxica para desenvolver a memoria e agudeza mental dos nenos e nenas. O seu lapis electrónico darache a resposta correcta.



Eres lo que comes: comida = tú
Felicia Law. Ilustracións de Rupert van Wyk, Lyn Gray. Everest
Título claro para unha verdade evidente. Libro dirixido aos/ás adolescentes, que teñen necesidades especiais nesta etapa esencial do seu desenvolvemento.



El gran libro de las manualidades infantiles

Drac

Un montón de actividades para que os más pequenos poidan debuxar, recortar, pintar, modelar, pegar etc, creando verdadeiras obras de arte.

Historias de las matemáticas: de la construcción de las pirámides hasta la exploración del infinito

Anne Rooney. Oniro


Obra de divulgación que realiza un recorrido histórico polo mundo das matemáticas para achegar esta ciencia.



Leonardo da Vinci

Steve Augarde. Ilustracións de Leo Brown. Baía

Descubre o mundo de Leonardo da Vinci a través do diario do seu aprendiz Paulo. Mostra o punto de vista dun neno sobre un dos maiores xenios do mundo e unha época fascinante, o Renacemento.




O meu pequeno animalario

Francesca Chiapponi, Marina Raffo e Patrick David. Ilustracións de Olivier Verbrughe. Baía

Colección para coñecer a vida dos animais, con diversos títulos como: A montaña e o bosque, Mares, ríos e lagos ou As crías dos animais salvaxes.





O meu primeiro atlas ilustrado de dinosaurios

David Burney. Baía

Guía esencial dos dinosaurios no mundo: onde vivían, os seus hábitats, etc.

A miña enciclopedia da natureza

Marie Brossoni. SM


Cunhas boas ilustracións, esta obra pode servir como un primeiro achegamento ao mundo natural.



No juzgues a un libro por su cubierta: refranes y anti-refranes para toda ocasión

Ilustracións de Alejandro Magallanes. Océano

Libro que nos amosa que hai refráns para calquera momento e tamén o seu contrario: «A quien madruga Dios lo ayuda» / «No por mucho madrugar amanece más temprano». Con ilustracións e tipografía do máis variado.



Papiroflexia iniciación

Vicente Palacios. Baía

Partindo dun mínimo de recursos poderemos crear diferentes figuras de papel pregado.



O planeta das curiosidades

Clive Gifford. Baía


Sabes cando construíron o primeiro avión con motor que voou na historia? Esta e outras curiosidades poderás coñecer se consultas esta obra.



Preguntas á Dra. Peteiro sobre o Planeta Terra

Claire Llewellyn. Ilustracións de Kate Sheppard. Baía

Se queres descubrir como afectan aos animais os volcáns en erupción, ou como notan as serpes pequenas vibracións da terra e os outros animais non..., le este libro.



Récords del mundo animal

Lydwine e Stéphanie Morvan. Ilustracións de Benoît Charles. Larousse

Descubre as singularidades dos animais con só buscar nas solapas, nos sobres...



O teu corpo

Michèle Longour. Ilustracións de Lucie Durbiano. SM

Se queres coñecer cousas do corpo humano, xira as rodas, desprega as lapelas...



Ti podes salvar o planeta

Jacque Wines. SM

Unha morea de ideas divertidas e prácticas para mellorar a saúde do noso planeta.

Trabalinguas

Textos populares. Ilustracións de Manolo Uhía. Everest


A sabedoría popular crea diversos trabalinguas co fin de xogar, de rir e de aprender a pronunciar correctamente.



Los viajes de Emily Nudd Mitchell

Emily Nudd Mitchell. Demipage

A ilustradora e viaxeira Emily Nudd Mitchell, sempre leva consigo os seus cadernos e acuarelas, así retrata a realidade cos seus debuxos que son unha delicia para os ollos porque están cheos de cor, de frescura, de espontaneidade.



La vida y poesía de Miguel Hernández contada a los niños

Rosa Navarro Durán. Ilustracións de Jordi Vila Delclós. Edebé

O ano 2010 foi o centenario do seu nacemento. Este libro permite coñecer aos nenos e ás nenas a vida e os versos deste poeta.



La vuelta al mundo de un forro polar: pequeña historia de la gran globalización

Wolfgang Korn. Ilustracións de Brigit Jansen. Siruela

Premio ao mellor libro xuvenil de divulgación científica en Alemaña.

Como entender a globalización a través do mercado internacional, dende a produción no terceiro mundo ata os nosos mercados, o comercio xusto e o inxusto.



BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL




Un amigo entre las estrellas

Francesc Infante. Fundación La Caixa
Unha divertida obra de banda deseñada que ten como protagonistas un grupo de alieníxenas que, aproveitando unha excursión á terra durante o ano 3030, narran a historia da decadencia da humanidade durante o século XXI.

Os amigos de Archimboldo Roque

Jacobo Fernández Serrano. Factoría K de libros
Os amigos de Archimboldo son do máis heteroxéneo que te podas imaxinar; a través deles coñecerás as súas vivencias e diferentes xeitos de ver a vida. Historias que emocionan e fan reflexionar.



Os Bolechas: o rato Pérez

Pepe Carreiro. A Nosa Terra
Braulio terá que atopar o dente que lle falta se quere que o Rato Pérez deixe algo debaixo da súa almofada.

Historias de Mestre Raposo

Bruno Heitz. Factoría K de libros
Esta antiga obra da literatura francesa adaptada ao cómic por Bruno Heitz preséntanos ao Mestre Raposo que actúa con intelixencia para escapar da fame e da inxustiza dos poderosos.






Luna Ilena

Argumento e guión de Katja Centomo.
Ilustracións de Antonello Dalena.
Montena

Lys, unha adolescente, loita contra as forzas do mal. Ambientado no ano 2050, o noso mundo cambiou pero aínda hai lugar para o ben e o mal.



O Rei Catástrofe. A Adalberto non lle falta cara

Lewis Trondheim; Fabrice Parme.
Astiberri

Que pasaría se un neno gobernase unha nación? Adalberto é o rei de Porto Cristo, un neno que non lle chega á altura dos xeonllos aos seus serventes.



El secreto de la esfinge

Geronimo Stilton. Planeta Junior
Unha nova aventura en banda deseñada de Geronimo Stilton que viaxará no tempo ata o Antigo Exipto.




DVD E CD INFANTÍS E XUVENÍS



Cantajuego

Encanto. Diver Music

Os máis pequenos da casa gozarán como nunca cantando e interpretando cada unha destas divertidísimas cancións.



Corazón de Tinta

Iain Softley, dir. Tripictures

Cando Mo le un libro os personaxes saen das súas historias. Película para toda a familia, baseada no libro do mesmo título da escritora Cornelia Funke.

Tamén recomendamos a lectura do libro, que é a primeira parte da triloxía, unha obra de fantasía que te vai fascinar.

G-Force

Hoyt H. Yeatman, dir. Walt Disney Studios Home Entertainment

Divertida película na que unha cuadrilla de hámsters se infiltran entre os homes para dedicarse ao traballo detectivesco.

La isla del tesoro

Universal Pictures Spain


Unha nova aventura de piratas. Os protagonistas son os bonecos de Playmobil e ti podes participar dun xeito interactivo.



Kika superbruja y el libro de los hechizos

Stefan Ruzowitzky, dir. Walt Disney Studios Home Entertainment

Relato de fantasía, aventura e moita maxia.



El lince perdido

Raúl García e Manuel Sicilia, dir. Aurum Producciones

Esta película de animación gañou o Goya á mellor fita da súa categoría no ano 2008. Félix é un lince con moi mala sorte que cura as súas feridas nun centro de recuperación. Xunto cuns peculiares amigos tentará desafiar esta situación e as ameazas dun excéntrico e malvado ricachón.



Lluvia de albóndigas

Sony Pictures

Flint é un inventor sen éxito ata que consegue crear unha máquina que fai «chover» comida. Pero a máquina comeza a dar problemas e Flint síntese de novo fracasado .

Los mundos de Coraline

Henry Selick. Universal Picture Iberia
Coraline muda de casa e pensa que a súa vida aburrida pode cambiar. Na súa nova casa atopa una porta máxica que a leva a unha versión mellorada da súa vida, pero o que parece perfecto empeza a trocar.



La oveja Shaun

Big Picture Entertainment

Divertidísima serie dos creadores de Wallace e Gromit. Unha ovella despistada que vai ao seu e acaba meténdose nunhas situacións complicadas que deberá solucionar xunto co resto dos animais da granxa (antes de que apareza o granxeiro).



Pompoko

Studio Ghibli. Aurum Producciones


Para a tradición popular nipona, os tanuki (cans-mapache) poden transformarse en humanos ou noutras criaturas só con desexalo. Unha familia destes animais descobre que os homes están arrasando o bosque onde viven para construír casas e prepáranse para defender o que é seu.



SamSam

Warner Bros

Esta serie canadense de animación dirixida aos nenos/as entre 4 e 6 anos está protagonizada por un pequeno superheroe: SamSam, de cinco anos, que sabe voar e terá que enfrentarse, iso si, con algunha dificultade, aos monstros máis perigosos.





Susurros del corazón

Studio Ghibli. Aurum Producciones
Película entrañable e máxica do Studio Ghibli. Marabilloso achegamento ao primeiro amor onde a fantasía que nace da imaxinación de Shizuku, deixa paso a unha historia na que o sentimento e a emoción nos atrapan.

Up

Bob Peterson(codirector). Disney Pixar
Un vendedor de globos xubilado comeza unha aventura acompañado dun neno de oito anos.



LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS



¿De quién es este trasero?

Stéphane Frattini. SM

Para adiviñar, xogar, descubrir e informarse con só levantar unhas lapelas.

¿Quién soy?

Tamio Koshino. Ilustracións de Jun Takabatake. Libros del Zorro Rojo
Este álbum permite aos/as máis pequenos/as descubrir os animais dunha maneira moi orixinal: agochados na escuridade da noite.



¡Esto es mío!

Texto e ilustracións de Michel van Zeveren. Corimbo

Unha ra atopa un ovo e di que é dela. Outros animais tamén o queren, ata que un elefante llo devolve, pero, que animal sairá dese ovo?

Oh, as cores!

Jorge Luján. Ilustracións de Piet Grobler. Kalandraka


Viaxe polas cores de xeito que os nenos e as nenas aprendan os seus nomes e teñan referencias coa natureza.



Aliñas de cristal

Marta Rivera Ferner. Everest

Erea perde as cores da súa caixa de acuarelas un día no río, por azar. Na procura destas cores faise un percorrido pola natureza nas diferentes estacións do ano.



Azul e rosa

Ana Pillado. A Nosa Terra
*Aventuras sobre a igualdade de xénero
coa nena chamada Lila Lilaina.*



Besos, besos

Selma Mandine. Jaguar
*Álbum para os máis pequenos. Conta,
aos nenos e nenas como son os dife-
rente bicos que reciben dos seus pais,
avós... Todo a través de preciosas
ilustracións.*

Cando eu saiba ler

Yolanda Castaño. Ilustracións de Xosé
Tomás. Galaxia
*Divertidas poesías que xogan coas le-
tras e coas palabras, xunto cunhas
fermosas ilustracións.*



A casa redonda

Paula Carballeira. Ilustracións de Ma-
nuel Uhía. Baía
*Wapiti vivía nunha casa redonda, unha
casiña de xeo, un iglú. Pero a medida
que foi medrando e aprendeu a andar,
a casa foille quedando pequena...*

A casa máis grande do mundo

Texto e ilustracións de Leo Lionni.
Kalandraka
*Unha familia de caracois vivía nunha
col coa casa a costas...*



Unha chuvia de meteoritos

Xelis de Toro. Ilustracións de Andrés Meixide. Sotelo Blanco

A Pacopeco gústalle mirar para arriba, pero o seu planeta preferido é invisible. Aventuras de Pacopeco presentadas en verso.

Coas mans baleiras

Ana Tortosa. Ilustracións de Cecilia Varela. OQO


Hoxe é o aniversario de Mario e Alba está convidada a merendar na súa casa, pero non sabe que regalarlle.



Contín contón

Antón Cortizas. Ilustracións de Leandro Lamas. Embora

«Esta era unha vez un animaliño de rabo peludo...», a ver se adiviñas que animal é.



El ladrón de gallinas.

Bèatrice Rodríguez. El Zorro Rojo

Un raposo colle unha galiña, para rescatala saen na súa busca outros animais, pero ás veces as aparencias enganan.



La merienda del señor verde

Javier Sáez Castán. Ekaré

Un álbum ilustrado que rende homenaxe a Magritte. O señor verde invita aos seus amigos monocromáticos a un mundo novo onde a variedade é o importante.



A miña amiga a escuridade

Ella Burfoot. Baía

Ao final do día a escuridade esvara pola habitación... entón ela e María pasan boa parte da noite bailando.

Ñam: cuentos para comer de todo

Violeta Monreal. Bruño

15 contos que serán de gran axuda para os pais dos menos comedores da casa.



Os de arriba e os de abaixo

Paloma Valdivia. Kalandraka

Os de arriba pensan que os de abaixo son diferentes e os de abaixo din que os diferentes son os de arriba, pero, quen é de arriba e quen é de abaixo?, todo depende de onde se mire...

Los pájaros aprenden idiomas

IMAPLA. SM

Da ilustradora catalá Imma Pla, que conseguiu, con este libro, o Premio Internacional de Ilustración da Fundación SM á mellor obra ilustrada infantil no ano 2007. Non hai diálogo, os protagonistas, árbores, paxaros e un leñador inclúense dentro dunha paisaxe urbana chea de rúidos e voces.



Para nada sucias

Wanja Olten. Ilustracións de Manuela Olten. Takatuka


Unha desas cousas que os/as máis pequenos/as sempre odian e para a que nunca teñen tempo: lavar as mans antes de comer, despois de xogar...



Os petos de Loreto

Quentin Blake. Kalandraka

Loreto ten a capacidade de sorprenden a todos, porque ten un abrigo cheo de petos onde agocha todo o que ti poidas imaxinar e porque calquera obxecto nas súas mans transfórmase en algo extraordinario.



¡Sólo una puntita!

Texto e ilustracións de Émile Jadoul. Corimbo

Nunha paisaxe nevada unha galiña, un paxaro e un coello comparten unha bufanda, pero un raposo tamén lles pide a punta da bufanda...

A voda do Galo Pinto

Juan Alfonso Belmontes. Ilustracións de Natalie Pudalov. OQO

Pinto é un galo fachendoso e aproveitado que engaiola a Xiana para casar con el. Unha amiga da noiva faille ver as verdadeiras intencións de Pinto. Menos mal que a voda non chega a celebrarse!!!




999 hermanas ranas se mudan de charca

Ken Kimura. Ilustracións de Yasunari Murakami. Barbara Fiori
Unha familia de ras teñen que marchar a vivir a outra charca...



El amor y la amistad

Oscar Brenifier. Ilustracións de Jacques Després. SM
Doce ideas sobre o significado do amor.



Os amores de Bruno

Antón Cortizas Amado. Ilustracións de Ma del Carmen Ferrín Prieto. Planeta & Oxford
Na escola de Bruno hai nenas e nenos de todas as partes e de moitas cores. Todos son amigos e mesmo hai quen se namora e precisa axuda.

Arriba en el árbol

Margaret Atwood. Ekaré
Dous nenos viven no alto dunha árbore, alí comen, durmen e xogan, ata que un día dous castores lles rouban a escaleira...



Bebé Bigotes

Patacrúa, a partir dun conto tradicional de Mongolia. Ilustracións de Alessandra Cimatoribus. OQO

O paso dos anos e a procreación son os temas que trata este conto. Como a palabra, os sentimentos e o desexo poden permanecer intactos ao longo dos anos.



A caixa dos recordos

Anna Castagnoli. Ilustracións de Isabelle Arsenault. OQO

Delicado álbum que protagoniza unha nena que vai desprendéndose dos tesouros que gardaba na súa caixa preferida.



Con la cabeza en otra parte

André Bouchard. Ilustracións de Quentin Blake. Combel

A un pai desaparecéelle a cabeza. A súa familia búscala por todas partes, pero non dá aparecido, que se poderá facer?

Cormarín

Xoán Babarro González. Ilustracións de Ana Santiso. Sotelo Blanco

Álbum rimado sobre un corvo mariño que non quere voar, nin nadar...




Cuervo

Texto e ilustracións de Leo Timmers. Algar

Cuervo atópase só, todos lle teñen medo e rexétano, pero el non se rende.





El despertador del sol

Martin Baltscheit. Ilustracións de Christoph Mett. Lóguez

Un galo pensa que o seu canto esperta ao sol cada mañá.

Finn Herman

Mats Letén. Ilustracións de Hanne Bartholin. Libros del Zorro Rojo

Finn Hermán apáñase para facer desaparecer todas as criaturas que lle presentan...



Fonchito y la luna

Mario Vargas Llosa. Ilustracións de Marta Chicote Juiz. Alfaguara

O protagonista, Fonchito, ten que conseguir a lúa para Nereida, cousa nada doada na cidade de Lima onde o ceo está cuberto case todo o ano.

Jan estivo alí

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de David Soler. Galaxia

Cando Jan Van Eyck estaba a pintar o famoso retrato do Matrimonio Arnolfini, o seu pequeno fillo Jan tamén estivo alí.



Leocadio, o león

Oli. Ilustracións de Teresa Novoa. Xerais

Leocadio non dá aprendido a ser cazador, polo que deciden abandonalo nunhas montañas...



Mi abuela fue pirata

Andrés Guerrero. Oxford

Unha avoa nada convencional: non fai tortas, non tece luvas e bufandas, senón que ten un pasado aventureiro como pirata que vai contar á súa neta.



El milagro del oso

Wolf Erlbroch. Lóguez

A historia dun oso que quere ter un fillo, pero non sabe como, despois de investigar atópase cunha osa coa que descobre o amor. Un conto maravilloso que explica como ser pai.



Mimi e a xirafa Azul

Cécile de Visscher. Ilustracións de María Ella Carrera. Baía

Conto sobre a situación de ter un irmán con graves discapacidades. Intenta animalos a expresar o que poden sentir ou vivir a raíz desta circunstancia familiar, sempre desde a mirada do irmán.

Un misterio na mochila de Alba

Fina Casalderrey. Ilustracións de Xan López Domínguez. Planeta&Oxford

Alba, cando chegou a aquel lugar, non levaba máis equipaxe ca unha mochila de cor cereixa. É feliz vivindo rodeada de natureza e alimentándose dos froitos que esta lle dá. Que terá na súa mochila?



Novas minimaladas

Carlos López. Ilustracións de David Pintor. Xerais


Un rinoceronte que nunca chegou á montaña. Un leopardo ao que lle entrou a fame...



El oso gruñón

Begoña Ibarrola. SM

No medio da fraga o oso Raposo cambia o seu bo humor, asustando os animais que non saben que lle pasa.



A princesa Sabela

Cornelia Funke. Ilustracións de Kerstin Meyer. Xerais

Sabela está farta de que llo dean todo feito, de ter que sorrir continuamente...

Ricardo o escultor

Gianni Rodari. Ilustracións de Montse Tobella. Baía

Ricardo é moi bo escultor. Fai estatuas de mármore, de madeira e de barro que representan ovellas, cabalos, bombeiros... Cando as remata, as súas creacións cobran vida e marchan a percorrer mundo.



Rugidos y Orejas

Texto e ilustracións de Chih-Yuan Chen. Thule Ediciones


O cazador e a presa (león e coello) dúas vidas paralelas e independentes reflectidas en páxinas partidas, que se unen cando rompen coa tradición e se fan amigos.



A serea do mundo

Encarna Otero. Ilustracións de Elisa Gallego Picard. Galaxia

Ten unha amiga no mar, unha serea, que soña mundos de ledicia e tenrura e percorre os océanos para descubrir todo o saber do mundo.



Soños de circo

Joxan Ormazábal. Factoría K de Libros
É a historia dun desexo: o dunha nena de ir ao circo, que se ve cumprido a través do poder da imaxinación.

O sorriso de Claudia

X. H. Rivadulla Corcón. Ilustracións de Andrés Meixide. Sotelo Blanco
Claudia soñaba que xogaba cunha bolboreta, cando entrou pola xanela do cuarto unha Moura do bosque que quería que lle axudara a atopar o corazón da Natureza.




Stelaluna

Janell Cannon. Juventud
Un pequeno morcego pérdese da súa nai, o que lle leva a sobrevivir nun niño de paxaros.

Wangari y los árboles de la paz

Texto e ilustracións de Jeanette Winter. Ekaré

É a historia de Wangari unha muller de Quenia, galardoada co Premio Nobel da Paz, que axudada por centos de mulleres sementou máis de trinta millóns de árbores nun territorio que se estaba desertizando.





¿Rinoceronte? ¿qué rinoceronte?

Pablo Albo. Ilustracións de Lucía Serrano. Everest

Divertida historia dunha familia que acolle a todo tipo de animais moi pouco domésticos como un dromedario, un xabaril, un león...

O boneco

M. Alzéal. Factoría K de libros

Un avó regala ao seu neto o seu xoguete preferido, que o acompañou ao longo da súa vida. Pero o neno rexéitao e o boneco busca desesperadamente o seu antigo dono. Un álbum ilustrado cheo de maxia e sentimentos.



Caixa de cartón

Txabi Arnal. Ilustracións de Hassan Amekan. OQO

Unha nena dinos que cando naceu súa nai meteuna nunha caixa de cartón e esa caixa era todo para ela, o seu berce, o seu cuarto, a súa casa.

Cartas de la ardilla, de la hormiga del elefante, del oso...

Toon Tellegen. Ilustracións de Axel Scheffler. Destino

Os animais escriben cartas uns a outros e a eles mesmos, producíndose unha correspondencia fantástica e emocionante. Todo aderezado cunhas bonitas ilustracións.



Un extraño en el tejado

Texto e ilustracións de Andrés Guerrero. SM

Un neno faise amigo dun estraño que chegou á súa casa.



A fabulosa lenda do Rei Artur

Jordi Sierra i Fabra. Rodeira

Nova versión do mito artúrico pola man dun autor incontestable e cheo de recursos. Impecable presentación.



La isla: una historia cotidiana

Armin Greder. Lóguez

A chegada dun náufrago provoca na poboación da illa reaccións de rexeitamento cara a todo o que lles é alleo, por iso deciden levantar unha muralla pechando toda posibilidade de gozar co resto da xente deste maravilloso lugar chamado «mundo».

Macarrón de narices

Xoán Babarro. Ilustracións de Marcos Calo. Xerais

No reino de Narices hai un enorme pazo con vidreiras de cebola, paredes de azucre, tellados de cenoria e xardíns de pirixel...



Mi hermano el genio

Rodrigo Muñoz Avia. Edebé

Lola, de 10 anos, xoga nun equipo de fútbol, afección que non é moi respectada na súa familia, onde todos son músicos e sempre é comparada co seu irmán, un xenio do piano.





O monstro dos Ancares

Tono Núñez. Ilustracións de Xosé Tomás. Galaxia

Na Lagoa de Grandela, aló polos Ancares vivía un monstro moi medroso, en canto alguén, animal ou persoa se lle achegaba, metíase nas augas e desaparecía.

La princesa ojerosa

Juan Kruz Igarabide. Ilustracións de Elena Odriozola. Macmillan

Unha princesa que escapa da miseria do seu pobo africano, pero que no novo mundo terá que traballar duramente.



La señora de los libros

Heather Henson. Ilustracións de David Small. Juventud

Cal é a súa familia viven nunha granxa remota das montañas. Nin el nin os seus irmáns poden ir á escola porque está moi lonxe, pero cada quince días, vaia o tempo que vaia, a señora dos libros vén na súa egua coas alforxas cheas de libros...

Todos sus patitos

Christian Duda. Ilustracións de Julia Friese. Lóguez

Como pode ser a relación entre un pato e un raposo? O raposo acabará comendo o pato?



Verbas de sal

Antonio García Teijeiro. Ilustracións de Alberto Vázquez. Xerais
Vilamollada é unha vila pequena, con
nubes negras e brancas e... o seu tolo.




A viaxe de Vionta

Domingo M. Tabuyo Romero. Ilustracións de Manolo Uhía. Everest
Diego, metido nun armario, foi transformado pola Maga Vionta nun transportador no tempo e no espazo...


Xoa


Antonio Yáñez Casal. Ilustracións de Rodrigo Chao. Xerais
Este libro conta a historia de Xoa, un bichiño que chegará a converterse nunha fermosa xoaniña, os cambios que pasa nas diferentes etapas da súa vida... é que facerse maior non é nada fácil...



Zorro

Margaret Wild. Ilustracións de Ron Brooks. Ekaré
Inquietante e sorprendente historia de amizade, lealdade e celos mestúranse neste conto protagonizado por tres animais: un can, unha pega e un raposo.





Amancio Amigo e o demo da botella

Xosé Miranda. Xerais

Segunda entrega da serie de novelas de maxia, protagonizadas por Amancio Amigo. Este destemido estudante de maxia será capaz de desaparecer e transformarse en obxectos e animais vivindo apaixonantes aventuras.



Améndoas e flores silvestres

David D. Vázquez Álvarez. Ilustracións de Noemí López. Baía.

Na Baixa Idade Media un rapaz quere romper coa orde establecida e acadar un mundo máis xusto e libre. Empezará, xunto con Alba, unha rapaza que quere rachar co seu pasado, unha viaxe chea de aventuras en busca do Santo Grial.



Contos por palabras

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Enjamio. Xerais

Reedición e ampliación deste clásico literario. Once relatos escritos a partir dos anuncios por palabras dos xornais: un unicornio solitario, un Spiderman habilidoso, un vampiro sen emprego... Premio Lazarillo 1990, Lista de Honra do IBBY 1992, Premio Lecturas 2002. No ano 2010 foi incluído na selección dos «Dez títulos imprescindibles da LIX española do século XX».



La expedición de los libros

Vicente Muñoz Puelles. Ilustracións de Fernando Vicente. Oxford

Os libros da biblioteca dunha familia séntense só cando esta se muda do campo á cidade, entón deciden enviar a algúns deles fóra para ver o que pasou cos donos da casa. Xorden numerosas aventuras sendo protagonistas algúns títulos coñecidos da literatura.



El extraño caso del volcán apestoso

Gerónimo Stilton. Planeta

Outra nova aventura trepidante e engaiolante destes ratos intelixentes, tan populares entre a xente miúda.

Historia de una anguila

Antón Paviovich Chéjov. Ilustracións de Eugenia de Ábalos. Gadir

Divertido relato no que varios personaxes intentan atrapar unha anguía.

El hombre con el pelo revuelto

Daniel Nesquens. Ilustracións de Emilio Urberuaga. Anaya

Divertido libro contado a través dos ollos do mozo protagonista, que narra cun humor moi peculiar, as historias do tío Fermín, as súas aventuras en paraxes exóticas e afastadas ou dentro de casa.






O home que prantaba árbores

Jean Giono. Galaxia

Tradución ao galego desta obra clásica da literatura infantil do século XX, que nos fala do respecto á natureza e do amor á terra.



Hotel de cinco espectros

Pierdomenico Baccalario. Ilustracións de Matteo Piana. Molino

Will Moogley dirixe unha axencia de aluguer de pantasma, pero o negocio vai moi mal, ata que descobre que un novo hotel vai abrir e necesita pantasma.

Kika Superbruja y el examen del dragón

Knister. Ilustracións de Birgit Rieger. Bruño

Kika, grazas á escama do seu pequeno dragón pode ver os seus amigos. Ademais, este, quere presentarse ás probas de dragón, o exame máis difícil da súa vida!

A lenda do rei lobo

Xavier Estévez. Ilustracións de Andrea López. Tambre


Cando a clase de Berto vai visitar unha exposición de dinosauros ao Museo de Historia, comeza unha gran aventura que xa empezara na Idade Media.



El misterio del tesoro de Austerlitz

Oldrich Ruzicka. Ilustracións Jan Klimes. Edelvives


Na época de Napoleón o exército ruso esconde un tesouro despois de ser derrotado na batalla de Austerlitz. Neste libro atoparás mapas, cartas manuscritas, códigos segredos..., que te convidan a buscar o tesouro.



Nombres robados

Texto e ilustracións de José Antonio Tàssies. SM

Relato conmovedor sobre un neno que é vítima de acoso escolar.



Palabra era un universo paralelo

Xoán Babarro González. Ilustracións de Nuria Díaz Berride. Deputación de Ourense

Este libro foi Premio Pura e Dora Vázquez de Narración 2009 e preséntanos a historia dunha nena que, ao participar co seu irmán nun ciberconto, se verá dentro dun espazo virtual coñecido como o País de Palabra, onde renacerá como a fada María Mil Eses.



El pequeño Nicolás. ¡Diga!

Goscinny-Sempé. Alfaguara

Máis divertidas aventuras para o pequeno Nicolás e os seus amigos.





Sopa de cola de lagarta

Marta Gené Camps. Ilustracións de María Espluga. Rodeira

Os veciños da vila teñen medo de Candela, unha nena de doce anos, que ten premonicións de cousas que aínda non ocorreron.

Una vaca, dos niños y trescientos ruiseñores

Ignacio Sanz. Ilustracións de Patricia Metola. Edelvives

O poeta chileno Vicente Huidrobo é o protagonista desta historia que viaxa en barco acompañado da súa familia, xunto cunha vaca e trescentos ruiseñores.

Premio Ala Delta 2010 de Literatura Infantil.



Vanesa la intrépida

Joachim Masannek. Ilustracións de Jan Birck. Destino

O fútbol non só é cousa dos nenos, Vanesa xoga sen complexos e ata o límite, os seus tiros á porta faranse famosos.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 12 A 14 ANOS



¿Para qué serve?

Ruth Rocha. Ilustracións de Manuel Uhía. Galaxia

Esta é a pregunta que se fai unha nena cando nun campamento de verán, na clase de artesanía fai un pequeno caimán en madeira e o seu compañeiro pregúntalle para que serve... O tempo estival serviralles para debater moitos interrogantes, soños e conflitos.



A coroa de Napoleón


Jaureguizar. Ilustracións de Matalobos. Xerais

Unha nova misión para Tintimán, que ten que cubrir a celebración do bicentenario da Batalla de Elviña.

El cuento de Sirena

Gonzalo Torrente Ballester. Ilustracións de Miguelanxo Prado. Ézaro
Este relato revive unha lenda milenaria que se conta nas costas de Galicia. Sirena rescatou da morte a un cabaleiro da familia dos Mariño. Ao salvalo, namorou fondamente do cabaleiro, levouno con ela ao mar e converteuno no seu amante. O mariñeiro pediulle a Sirena que o deixase volver coa familia. Sirena accedeu, pero cunha condición...





Dragal II: a metamorfose do dragón

Elena Gallego Abad. Xerais


Segunda parte da triloxía que fala do renacemento do último dragón galego. Fantasía, maxia, cabaleiros, a partir de historias e tradicións fantásticas galegas.



Encontros ás agachadas

Concha Blanco. Ilustracións de David Pintor. Deputación de Ourense

Narra os encontros entre Kano Tres, habitante dun afastado planeta, e David Marcote un rapaz de Lires, a través dos que descubrirán os pros e os contras de dúas formas de vida moi diferentes. VI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez.



La evolución de Calpurnia Tate

Jacqueline Kelly. Roca

A engaiolante historia dunha rapaza que loita por procurar a súa identidade a principios do século XX. Mentres súa nai insiste en facela aprender a tocar o piano, coser ou cociñar, ela interésase máis polos segredos agochados no laboratorio do seu avó.

Filiberto e Sofonisba

Xavier Seoane. Ilustracións de Ana Santiso. Tambre

Trata dunha parella de corvos que viñeron vivir hai moito tempo á fraga de Dorneda...



Ghostgirl

Tonya Hurley. Alfaguara

A morte non impide que Charlotte siga co seu plan de conquistar ao rapaz que ama.

Juul

Gregie de Maeyer e Koen Vanmechelen.
Lóguez

Unha entenredora e á vez dura historia sobre o rexeitamento, unha metáfora sobre a crueldade e a marxinación. Un libro que reflexiona sobre o acoso escolar.



Magia de una noche de verano

Maite Carranza. Edebé

Comedia romántica e fantástica. Marina suplanta a súa irmá cambiando o seu aspecto físico. En tan só un día medra 10 centímetros e ata cambia a cor dos seus ollos. Todo isto levaraa a vivir fantásticas aventuras.




O pazo baleiro

Xabier P. Docampo. Ilustracións de Xosé Cobas. Xerais

Nicolás decide abandonar a escola tras un enfrontamento co profesor de matemáticas, a partir dese momento estreitarase a súa relación co seu tío, un personaxe estraño que é admirado polo seu traballo de reloxeiro, pero desprezado polo seu peculiar xeito de vida.





O retrato de Dorian Gray

Oscar Wilde. Urco Editora

Obra clásica da literatura que podemos ler en galego, conta como a beleza de Dorian Gray é a fonte de inspiración para o mellor retrato do pintor Basil Hallway. O ben máis querido de Dorian, a súa mocidade, está agora nese cadro. O protagonista conseguirá que sexa o lenzo quen envelleza por el...



El señor de los ladrones

Cornelia Funke. Destino

O Señor dos Ladróns ten só 13 anos, pero xa lidera unha banda de rapaces que son quen de levar adiante calquera misión.



El Schwa estuvo aquí

Neal Shusterman. Homo Legens

Calvin cambiará a vida de todos os que o rodean.

Tuerto, maldito y enamorado

Rosa Huertas. Edelvives

Elisa decide axudar a súa irmá a facer un traballo de literatura que a levará a desvelar unha historia de amor agochada na vida de Lope de Vega.

Viaxes dun can de palleiro

Pere Tobaruela. Sotelo Blanco

Un can relata a viaxe de Ulises pero situada en Galicia, na que o Olimpo será o Courel.



LIBROS PARA MAIORES DE 14 ANOS



El buscador de finales

Pablo de Santis. Alfaguara

Juan Brun desexa chegar a ser un famoso debuxante e comeza a traballar nunha editorial como recadeiro despois das clases, así coñecerá un home misterioso chamado Sanders que ten un curioso oficio: buscar finais para historias.

Cazaría salvaxe

Agustín Agra. Xerais

Narrativa fantástica na que poderás seguir as aventuras dun rapaz moi especial, onde se mestura o terror, o misterio e a maxia.



El chico que amó a Ana Frank


Feldman Ellen. Suma de Letras

Despois do final da II Guerra Mundial, Peter, o rapaz que compartía encerro con Ana Frank emigra a EE.UU., con intencións de esquecer o seu pasado, pero a publicación do famoso diario fai que as pantasma se asomen. De como vivir ou sobrevivir as súas trágicas vivencias.

Chocolate amargo

Mirjam Pressler. Anaya

Eva ten quince anos e está gorda. Pensa que ninguén a quere polo seu aspecto. Pouco a pouco advirte que non son os quilos os que a separan da xente.



El club de los asesinos limpios

Blanca Álvarez. Planeta


Trepidante aventura de tres mozos investigando e descubriendo unha sospeitosa trama de corrupción inmobiliaria, cuestión, tristemente, moi habitual nos medios de comunicación de hoxe en día.



Cuentos de imaginación y misterio

Edgar Allan Poe. Ilustracións de Harry Clarke. Libros del Zorro Rojo

Selección dos mellores relatos de Poe, traducidos por Cortázar, e cunhas boas ilustracións de Clarke que acentúan a intriga e o misterio.



Exogamia 0.3

Ramón Caride. Ilustracións de Manuel Busto. Xerais

Relatos abertos sobre cuestións nas que a ciencia é a protagonista. John Brockman sostén que a ciencia é o único novo que hai hoxe sobre a terra.

Una habitación en Babel

Eliacer Cansino. Anaya

Na localidade de Alfarache hai un edificio que destaca por riba dos outros, non só por altura, senón tamén pola súa precariedade e polo singular dos seus habitantes.



Incertos

Antón Dobao. Xerais

Trece historias no que o máis extraordinario e inesperado, convértese no máis natural e cotián.

La modelo descalza

Jordi Sierra i Fabra. Siruela


Trama policial para abordar un tema de grande interese para moitos/as adolescentes: o mundo das top model e a fama. O éxito cobra, ás veces, un prezo demasiado caro e efémero.



Morte desde seis vinte e cinco

Jordi Cervera. Rodeira

O brutal asasinato dunha muller e dos seus fillos sacode á vida cotiá dunha tranquila cidade catalá. Premio Edebé de Literatura Xuvenil.



La nueva tierra

Jordi Sierra i Fabra. Ilustracións de Marta Chicote Juiz. Alfaguara

Mateo, un mozo de 17 anos, chega a Nueva Granada para loitar nunha guerra que trata de impedir a independencia das colonias americanas, pero alí namorarase de Divayra...




A paixón de Alexandra

Xulio Ricardo Trigo. Xerais

Alexandra ten dúas paixóns que lle axudan a construír o seu mundo ata que a súa amizade con Eva fai que se atope coa moda do bookcrossing e cos misterios que todos levamos dentro.





Proxecto Bolboreta

Andrea Maceiras. Xerais
Hadrián Barcés decide comprobar a veracidade da teoría coñecida como «Efecto Bolboreta».

O segredo de Marco Polo

Francisco Castro. Galaxia
O amor é o argumento principal da estimulante novela de Francisco Castro. Intriga, aventura, e historia son algúns dos ingredientes do relato ambientado na trepidante Venecia do século XIII.



BANDA DESEÑADA PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



Buñuel en el laberinto de las tortugas

Fermín Solís. Astiberri
Obra biográfica centrada na rodaxe do director aragonés do documental Las Hurdes: Tierra sin pan.

O burato do inferno

José Manuel Trigo, guión. Ramón Trigo, debuxo. Factoría K de Libros
Xénero negro para unha historia de piratas e contrabandistas que provocan naufraxios na Galicia do século XIX.



La cuenta atrás

Carlos Portela. Factoría K de libros
Unha viaxe cara ás razóns e «sinrazóns» dunha marea negra e o desastre ecolóxico que provoca.



La guerra del profesor Bertenev

Alfonso Zapico. Dolmen
Moscú, 1853, o profesor Bertenev é deportado ao fronte na guerra de Crimea polas súas actitudes en contra da tiranía do tsar. Álbum gañador no Salón do Cómic de Barcelona de 2010, na categoría de autor revelación.



Houdini. El Rey de las esposas

Janson Lutes & Nick Bertozzi. Astiberri
Ver, oír, coñecer, descubrir da maneira máis gráfica e aclaratoria. Este libro revelará aos seus lectores a historia do gran Houdini.






O humor non engorda

Kiko da Silva. Biblos Clube
Recompilación de viñetas humorísticas publicadas polo autor nos xornais galegos durante varios anos.

Kafka

Robert Crumb, debuxo. David Zane Mairowitz, guión. La Cúpula.
Baseado na vida de Kafka. Os autores deste cómic fan a súa especial interpretación da vida do escritor, o mundo kafkiano e os símbolos e imaxes das súas principais obras.




O lecer de Isolino

Xaquín Marín. Émbora.
Isolino é o típico xubilado galego que nos amosa o mundo dende a súa perspectiva chea de retranca, ironía e tenrura.



O máxico arrecendo e outras historias

Fran Bueno. El Patito Editorial
O máxico arrecendo é unha historia ambientada na Idade Media, xunto con outras obras de Fran Bueno.



NonNonBa

Shigeru Mizuki. Astiberri
Relato autobiográfico que nos leva ao Xapón dos anos 30, onde Mizuki de neno coñecerá as entidades sobrenaturais do bestiario medieval xaponés, grazas ao que lle conta unha vella supersticiosa do seu pobo chamada Non-NonBa.




Notas al pie de Gaza

Joe Sacco. Random House Mondadori.
Sacco volve plasmar nunha novela gráfica periodística o resultado das súas investigacións sobre o conflito xudeu palestino. Nesta ocasión, reconstrúe un feito de 1956, a matanza de civís palestinos na pequena cidade de Rafah, na franxa de Gaza.


Nylon Road. La vida en Irán

Parsua Bashi. Norma Editorial
Autobiografía debuxada dunha exiliada iraniana. Desde a súa nenez até a súa viaxe a Zúrich.



Rebético: la mala hierba


David Prudhomme. SinSentido.
Este cómic reflicte, a través da historia do músico de rebético Stavros, a vida destes músicos gregos e o ambiente dos baixos fondos dunha Atenas dos anos 30. Premiado no festival de banda deseñada de Angoulême 2010.



1084

Haruki Murakami. Galaxia

Unha historia coral composta de personaxes que se cruzan no mundo de hoxe. Obra poderosa e engaiolante.



Africanus: el hijo del cónsul


Santiago Posteguillo Gómez. Ediciones B

Primeira parte dunha triloxía dedicada a Publio Cornelio Escipión. Para os/as amantes da novela histórica.

Antoloxía poética


Lois Pereiro. Galaxia

O tradutor e xornalista Daniel Salgado realiza nesta edición unha selección dos poemas do autor ao que se lle dedica o Día das Letras deste 2011.



Aquí

Wisława Szymborska. Bartleby editores
Szymborska, que fora Premio Nobel de literatura en 1996, é autora dunha poesía sutil e intimista, como se poderá apreciar neste libro.



Areaquente

An Alfaya. Sotelo Blanco


A través da historia de amores cruzados, o fotógrafo Cristovo do Val vaga polo páramo baleiro de Areaquente. Premio Lueiro Rey 2009, Premio San Clemente 2010.



Bater de sombras

Francisco X. Fernández Naval. Espiral Maior

Poemario articulado baixo unha serie de símbolos que se conteñen no termo «sombra». X Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño



O bebedor de rakia


Xesús Manuel Marcos. Xerais

Alberte, ex-combatante da guerra dos Balcáns, acaba de saír do calabozo a onde foi parar por protagonizar un acto violento.

Benquerido Diego, abrázate Quiela

Elena Poniatowska. Trifolium


Cartas amargas imaxinarias que lle escribe Angelina Beloff, exiliada rusa, pintora incipiente, a Diego Rivera, a súa parella durante dez anos, ás que el nunca responde.



Blue Moon

Xosé Carlos Caneiro. Biblos

Novela de intriga e suspense, sobre o artista fracasado Bruno T na busca constante da felicidade.



La cena

Herman Koch. Salamandra

Dúas parellas cítanse nun exclusivo restaurante de Amsterdam para falar dos seus fillos adolescentes que poderían estar implicados nun caso de violencia grave.





Concerto

Manuel Lourenzo. Laiomento
Sete pezas de teatro, diversas en aparencia, pero que teñen en común o encontro co diálogo.


Contra el viento del norte

Daniel Glattauer. Alfaguara
Debido a un equívoco, Leo Leike recibe os correos electrónicos dunha descoñecida chamada E. Rothner. O intercambio de correos desemboca nunha graciosa situación que os dous deciden prolongar.



As crónicas do Sochantre

Álvaro Cunqueiro. Galaxia
Nos tempos da Revolución Francesa, o Sochantre viaxa polos camiños da Bretaña acompañado dunha comitiva de mortos contadores de historias. Misterio e crime escrito con gran talento creador.



Cuentos desde el reino peligroso

J.R.R. Tolkien. Ilustrado por Alan Lee.
Minotauro
Cinco relatos de fantasía e aventuras onde Tolkien recrea unha vez máis un mundo mítico.

Dime quien soy


Julia Navarro. Plaza & Janés
Un repaso aos últimos 80 anos da Historia do Mundo e de España a través das intrigantes aventuras e desventuras dunha bisavoa descoñecida.



Escolma poética

Ramón Cabanillas. Imaxes de Anxo Pastor. Faktoría K de Libros

Escolla de trece poemas deste insigne escritor galego con fermosas ilustracións.




Fíos

Diana Varela Puñal. Espiral Maior
Poemas cheos de lembranzas e desexos, fíos de amor que son a atadura da autora co seu pasado e co seu futuro. Este libro obtivo o IV Premio de Poesía Uxío Novoneyra do Concello das Pontes.

Hasta la muerte

Amos Oz. Siruela

Comprende dúas novelas curtas nas que Amos Oz afonda unha vez máis no odio suscitado polos xudeus ao longo da historia.



La historia de Genji

Murasaki Shikibu. Atalanta

A historia do príncipe Genji e dalgún dos seus descendentes. Un clásico da literatura xaponesa.



Invisible

Paul Auster. Galaxia

Adam Walker, un estudante da Universidade de Columbia, vaise ver involucrado nun acto de violencia que alterará a súa vida.





El libro de la venganza

Benjamin Taylor. Mondadori

Gabriel Geismar deixa Nova Orleáns e a súa severa familia xudía para estudar na universidade de Pensilvania. Alí coñecerá os irmáns xemelgos Danny e Marghie Hundert, estudantes coma el e pertencentes a unha sofisticada familia de intelectuais, tan diferente da súa.

Nachtmahr

Raúl Dans. Xerais

Un novelista en plena crise creativa e a viaxe que emprende a través do seu subconsciente, na procura da súa obra definitiva.



Non hai noite tan longa

Agustín Fernández Paz. Xerais

Excelente obra, ambientada nos últimos anos da ditadura e principios do século XXI, que presenta unha ollada crítica sobre a nosa sociedade e fálanos da culpa, a vinganza, o amor e a morte.



Obra completa

Luís Pimentel. Galaxia

Edición que presenta a produción literaria íntegra deste excelente escritor galego.



Ordeno y mando

Amélie Nothomb. Anagrama

Baptiste, o protagonista, pasará de ter unha vida vulgar e aburrída a vivir rodeado de todo tipo de luxos, cando usurpa a identidade dun descoñecido que morre na súa casa.



El original de Laura

Vladimir Nabokov. Anagrama

Última novela do autor, inacabada, gardada nun banco suízo durante máis de trinta anos, na que figuran as súas obsesións e os temas esenciais da literatura.



Os papeis do vagabundo

X. H. Rivadulla Corcón. Espiral Maior

Un mariñeiro, convertido en vagabundo a causa das penalidades da posguerra, cámbialle cafés por poemas a unha camareira dun bar e ela gardounos ata que morreu.



Poemas alumeados

Luíís Seoane. Figurandorecuerdo(s) edicións

Escolma de poesías de Luíís Seoane, cada unha delas ilustradas por artistas plásticos contemporáneos amigos do autor, así como polos que se senten influídos pola súa obra.

Poemas coruñeses

Espiral Maior

Trátase dunha recompilación de textos poéticos dos séculos XIX e XX sobre A Coruña.



Poesía completa

Lois Pereiro. Xerais

Un xeito de achegarse a obra deste poeta a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2011, que nos amosa a cultura dos 80 e o seu amor polo cine.



Poesías do desamor

Cesare Pavese. Rinoceronte

Esta obra segue a edición italiana de Italo Calvino e recolle todos os poemas de Pavese non comprendidos en Lavorare stanca, para poder seguir a súa poesía dende os primeiros pasos.



Poesía suspensa


Selección de Luciano Rodríguez Gómez. Espiral Maior

Selección de textos poéticos de diferentes autores.

Poesía última de amor e enfermidade: 1992-1995

Lois Pereiro. Edicións Positivas

Emotiva obra que segundo as propias palabras do autor «nace como unha vontade de desafiar á morte». Autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2011.



Purga

Sofi Oksanen. Salamandra

Zara, unha moza rusa de pouco máis de vinte anos, vítima do tráfico de mulleres en Estonia, consegue escapar e, desesperada, busca axuda na casa dunha anciá.



A rocha imantada (Aforismos 1984-2009)

Xavier Seoane. Laióvento

«Dime qué les, e direiche que es» ou «Vivir sen poesía é posíbel, mais que vida?», son dous dos numerosos aforismos que figuran nesta obra.

A rolda nocturna

Sarah Waters. Galaxia

No Londres da Segunda Guerra Mundial agóchase outra guerra, a dos amores ilícitos, a das traizóns e das esperanzas esgazadas. Premio Novela Europea 2008.

Tamén dispoñible en español co título «Ronda nocturna», editorial Anagrama.

Salir a robar caballos


Per Petterson. Bruguera

O último verán que Trond e o seu pai pasaron xuntos, el tiña 15 anos. Deixaran a súa casa en Oslo para instalarse nunha cabana en plena natureza. Pasaron uns días cheos de complicidade, pero o final do verán agochaba unha sorpresa...

Sin nombre

Helder Macedo. Tusquets

A vida de José Viana cambia por completo no verán de 2004, cando recibe unha chamada da policía do aeroporto de Londres que quere solucionar un problema xurídico cunha viaxeira que acaba de chegar de Lisboa.





Tempo de centeo

Xosé Fernández Ferreiro. Xerais
Historia amarga e realista da que emerxen os desexos humanos nun tempo escuro que marcou a vida de moitas xeracións.

Tierra desacostumbrada

Jhumpa Lahiri. Salamandra
Serie de relatos sobre a inmigración, o desarraigo e as contradicións que se dan entre a cultura da sociedade de acollida, neste caso os EE.UU., e a de procedencia, Bengala.



El violinista de Mauthausen

Andrés Pérez Domínguez. Algaída
Un republicano español exiliado en París é detido pola Gestapo e enviado ao campo de exterminio de Mauthausen.

Winesburg, Ohio

Sherwood Anderson. Acantilado
Libro de relatos nos que George Willard, xornalista local, é o fío condutor. Observa as vidas dos habitantes desta pequena vila, tratándoas dun xeito humano e amábel. O libro serviu de ponte entre o realismo e a chamada xeración perdida.



Yo maldigo el río del tiempo

Per Petterson. Mondadori

Arvid ten 37 anos, un traballo nunha librería, unha muller que xa non o quere, dúas fillas pequenas... Trata de ir tirando, pero cando a súa nai cae gravemente enferma entra nunha profunda crise.

Zoommm. Textos biónicos

Estíbaliz Espinosa. Xerais

Poesías que ambicionan fabricar vida, imitar os seus mecanismos.



LIBROS DE COÑECEMENTOS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

La II República en Oleiros

Ana Rey Pérez. Auga Editora

Aproximación ao que sucedeu en Oleiros durante os anos da II República, para coñecer mellor os aspectos que esa época supuxo para este concello e para os seus habitantes.



Álvaro Cunqueiro: fotobiografía sonora (libro + 2 CD)

Textos de Rexina R. Vega e César Morán. Ouvirmos


Máis dun cento de fotografías do álbum familiar do autor e dous CD para escoitar a voz do autor recitando os seus textos, así como cancións cos seus poemas.



O ano do xardineiro

Karel Capek. Rinoceronte

Consellos sobre xardinería aderezados cun toque de humor de parte dun dos escritores máis importantes da literatura checa.



Cartas

Emily Dickinson. Lumen

A poeta americana Emily Dickinson viviu gran parte da súa vida recluída na casa familiar de Amherst. A súa conexión co exterior eran as cartas a amigos e familiares, das que aquí se amosa unha pequena selección.



La casa-espejo o el Feng Shui en Occidente

Luc Antoine. Obelisco

Con este libro, o lector aprenderá a hacer que no seu fogar a enerxía positiva descorra sen obstáculos.

Cociña caseira galega

Nieves Feros. Baía

Máis de trescentas receitas nas que podemos destacar as realizadas con salmón.

Un día en la playa

Bernardo Carvalho. Libros del Zorro Rojo

Un álbum de imaxes sobre un día na praia que remata de forma inesperada.

Días de hijo


Philip Waechter. Lóguez

Waechter ilustra con humor e ironía a experiencia maravillosa de ser pai por primeira vez.

Eclipse en Malasaña: una zarzuela negra

Jack Mircala. Sinsentido

Achégate ao bohemio barrio de Malasaña e coñece a historia dos seus artistas. Mircala móstranos de novo a súa mestría nas maquetas de papel: figuras e decorados feitos con cartolina de cores que logo fotografa para ilustrar os seus textos, cun especial gusto polo gótico e o romanticismo.




Enfermos del libro

Miguel Albero. Universidad de Sevilla
Bibliofobias, bibliofilias, bibliocleptomanías, biblioclastias, bibliofagias... un recorrido histórico polas diferentes bibliopatías.



Galicia: xeografía, historia, cultura

Coordinación a cargo de M^a Celia Ameneiro Bravo. Ir Indo
Presenta unha visión de Galicia dende diferentes campos: xeográfico, histórico, cultural, etc.



Guía das fervezas de Lugo e Ourense

Ramón Muñiz de las Cuevas, Margarita Fontela Cotelo. Edicións do Cumio
Se desexas coñecer algunhas das fervezas máis fermosas e representativas das provincias de Lugo ou Ourense debes consultar esta obra, para observar o marabilloso espectáculo da natureza.

La Historia secreta del mundo

Jonathan Black. Planeta
O mundo que nos rodea, os edificios, as obras de arte, a literatura e ata os contos infantís, encerran unha filosofía secreta. Neste libro atoparás as claves para interpretala.



Impresións dunha viaxe por Galicia en 1935

Federica Montseny. Trifolium

Sensacións que reflicten a admiración que espertou na autora a paisaxe galega, así como descrições e anécdotas de cada unha das vilas e cidades que visitou.



Indignádevos!

Stephane Hessel. Prólogo de Manuel Rivas. Faktoría K de libros

Un libro imprescindible para decatarnos dos defectos do mundo actual, unha labazada ao politicamente correcto e un empurrón para que entre todos façamos un mundo mellor.



Inglés easy para viajar

Larousse

Manual que recrea as situacións máis frecuentes nas que se pode atopar o viaxeiro e que proporciona frases sinxelas coas que saír do paso.

Lois Pereiro: a urxencia poética dun futuro alleo

Mercedes Queixas Zas. Laiomento

Biografía divulgativa que achega unha imaxe global do escritor.






Maruja Mallo: a pintura da nova muller

Carlos L. Bernárdez. Nigra Trea
Achegamento á obra pictórica de Maruja Mallo, que destaca os aspectos artísticos situados no contexto biográfico, cultural e histórico.

No hay nadie en casa

Dubravka Ugresic. Anagrama
Textos curtos sobre temas diversos. Relatos do vivido e do pensado. Un paseo por vidas, cidades e ideoloxías.



No hay silencio que no termine

Ingrid Betancourt. Aguilar
Ingrid Betancourt, quen no ano 2002 fora candidata á presidencia de Colombia, deixa testemuño nestas páxinas dos anos que pasou secuestrada polas FARC.

La noche estrellada


Jimmy Liao. Barbara Fiore
Homenaxeando o cadro La noche estrellada de Van Gogh, Liao cóntanos a historia dunha nena que imaxina un mundo ideal no que poder refuxiarse do mundo dos adultos que non entende. A sensibilidade, a maxia e a poesía feitas imaxes da man de Jimmy Liao.



A palabra exacta: biografía de Lois Pereiro

Antón Lopo. Galaxia

Libro con múltiples puntos de vista no que se realiza un achegamento a Pereiro a través das persoas que máis íntima relación mantiveron con el, pero tamén coas voces que analizaron a súa poesía.



Peixes e mariscos: a cociña do mar

Mariona Quadrada. Fotografías de Josep Borrell. Baía

Cen receitas de peixes e mariscos que te deleitarán cos seus sabores.



Pequeña historia de las grandes ideas: cómo la filosofía inventó nuestro mundo


Martin Burkhardt. Siruela

O noso xeito de pensar e actuar é a consecuencia de moitas ideas que se desenvolveron ao longo do tempo, con este libro coñeceremos moitos conceptos cotiáns, a súa orixe e como chegaron á actualidade.

Prontuario básico de protocolo

Juan José Feijoo. Trea

Manual básico de consulta para calquera dúbida sobre protocolo.



Río de la luz: un viaje por Alaska y Canadá

Javier Reverte. Plaza y Janés

Despois das súas experiencias en África, Europa e Latinoamérica, Javier Reverte viaxa a Alaska e Canadá, contándonos esta estancia nun libro extenso pero ameno e con moito contido humano.

Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A persoa e a obra de onte e hoxe

Francisco Rodríguez. AS-PG

Unha lectura que parte do contexto da poeta, do coñecemento explicativo e causal da súa obra íntegra, para traela á marcha da historia.



Señardade da luz


Miguel Mato Fondo. Asociación Cultural Alexandre Bóveda

Recorrido pola vida e a obra do insigne poeta da Terra Chá, Manuel María.

Xeometrías máxicas de Galicia

Bieito Romero. Ir Indo

Amosa a riqueza simbólica: trisqueis, rosetas, espirais, estelas, cruces e outros símbolos recollidos ao longo da xeografía galega, dende a época castrexa ata a actualidade.



Zami: una biomitografía, una nueva forma de escribir mi nombre

Audre Lorde. Horas y Horas


«Biomitografía» da autora, un fermoso testemuño da súa infancia, adolescencia e espertar da conciencia na mocidade. Reflexiona sobre a enfermidade, da súa dolorosa experiencia cun cáncer de mama, e a discriminación sufrida polas mulleres tanto pola raza como pola súa orientación sexual.



1000 sitios que ver antes de morir

Track Media

Serie de 3 dvds que comprenden 13 capítulos basados no afamado best-seller de Patricia Schultz e producida por Discovery Channel. Amósanos aqueles lugares que non debemos esquecer de visitar: ruínas sagradas, grandes hotéis, castelos, festivais, restaurantes, cafeterías, illas paradisíacas, etc. Tamén dispoñemos do libro orixinal na Biblioteca Central Rialda.



La clase

Laurent Cantet, dir. Cameo Media


A clase como microcosmos dunha sociedade na que xorden temas como a integración dos inmigrantes, a invisibilidade das minorías e a desigualdade económica. Cine naturalista con métodos documentais onde os mozos protagonistas –non profesionais– representan a crónica da vida dunha comunidade de 25 persoas que non elixiron estar xuntas, pero que deberán traballar entre catro paredes durante un ano.



The Company

Robert Altman, dir. TriPictures

Achegamento ao mundo da danza dende unha perspectiva poética e apaixonada. Aparencia de falso documental cunha trama narrativa mínima na que por enriba de todo, subxace a expresión da interioridade artística dos bailaríns á vez que asistimos á dificultade e complexidade da súa experiencia.



Kebab Connection

Saul, Anno, dir. DeAPlaneta

Comedia interracial de marcado carácter europeo sobre a inmigración en Alemaña. Ollada fresca e desenfadaa ao choque de culturas, as relacións familiares e os valores tradicionais amosando igualmente un modo de vida alemán ao que non estamos en absoluto acostumbrados.



Liverpool

Lisandor Alonso, dir. Cameo Media

Farrel, mariñeiro arxentino, pide permiso para desembarcar e visitar a súa nai. Farrel descobre as novidades na familia.

Malditos bastardos

Quentin Tarantino, dir. Universal Pictures

Na Francia ocupada polos alemáns, Aldo Raine organiza un comando especial integrado por soldados xudeus para cometer accións contra os nazis. A súa nova misión será acabar cos líderes do Tercer Reich.





El manantial de las colinas

Claude Berri, dir. Filmax Home Video
Primeira parte do drama rural «Jean de Florette» escrito por Marcel Pagnol e ambientado na Provenza. De gran éxito nas pantallas francesas, Berri amosa un universo no que os homes son unha prolongación da terra na que nacen, á que aman e son capaces de traizoar coas súas paixóns e envexas.



Moon

Sam Rockwell, dir. Sony Pictures
Película independente de ciencia ficción que supón a primeira incursión na dirección de Duncan Jones, fillo do cantante David Bowie. O resultado, 4 premios no Festival de Sitges nunha cinta na que o máis cinéfilo non se sorprenderá de contemplar «chiscadelas» a Kubrick e o seu mítico filme 2001. Ciencia ficción máis metafísica que de efectos especiais, cunha inquietante ollada aos compoñentes morais da identidade e á soidade.



Muerte de un ciclista


Juan Antonio Bardem, dir. Mercury Films
Película referente da cinematografía española. Axeitado achegamento á dobre moral da burguesía española dos anos 50 respecto ao xogo das aparencias e as realidades ocultas. Golpe directo ao conformismo da clase media nunha sociedade inmersa na brecha provocada pola Guerra Civil.



Patrimonio de la humanidad

Crest Films. Océano

Colección de 10 dvd sobre os lugares declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, desde o Cañón do Colorado ata San Petersburgo, pasando por España, Grecia ou a India.



Peregrinos

Serreau, Coline, dir. Karma Films

Simpática comedia coral sobre un grupo de persoas con moi pouco en común que se embarcan no Camiño Francés a Santiago. Espléndidas paisaxes en medio de problemas de convivencia e procuras de melloras vitais e espirituais. Unha visión fresca da experiencia do Camiño.



Pink Floyd: The Wall

Alan Parker, dir. Ida Films


Película baseada no álbum homónimo –unha ópera rock sobre a alienación persoal coa enorme forza visual da animación de Gerald Scarfe e o protagonismo dun Bob Geldof aínda lonxe de futuros compromisos e apostas sociais. The Wall é tamén o retrato dos efectos secundarios do éxito en conxunción coas carencias afectivas e educativas.



El primer día del resto de tu vida

Rémi Bezançon. Avalon Distribución Audiovisual

Retrato dunha familia a través de cinco feitos ao longo de doce anos) que a marcaron.



El ser humano: el cuerpo humano

Salvat ; BBC

8 discos forman esta colección producida pola BBC que inclúen unha ollada máis precisa ao milagre da vida humana: a xestación, a rebelión hormonal da adolescencia, a idade madura e o capítulo final da morte como renovación do ciclo vital.

Los sustitutos

Jonathan Mostov. Buena Vista Home Entertainment

Película futurista na que os robots substitúen ás persoas na súa vida cotiá para garantirles seguridade e tranquilidade. Pero a concepción desa sociedade idealista cambia a raíz dun asasinato.

Testigo de cargo

Billy Wilder. Metro Goldwyn Mayer

Un mozo é acusado de asasinato, todas as probas o inculpan pero a súa dona e un eminente avogado poden salvarlo. Unha excelente combinación do mellor de Billy Wilder, Agatha Christie, un inmejorable elenco de actores e un final que nin o imaxinas.



Un tipo serio

Joel e Ethan Coen, dirs. Universal
Unha delirante comedia sobre a idiosincrasia e «psique» xudía, ambientada esplendidamente no peculiar ano 1967 e na que os irmáns Coen amosan con precisión o ambiente que lles tocou vivir na súa nenez e adolescencia.



Transsiberian

Brad Anderson, dir. Filmax Home Video
Intriga acelerada de reminiscencias clásicas (Hitchcock) no famoso tren Moscova-Pekín e cun reparto internacional no que destacan o sempre eficiente Ben Kingsley e a achega hispana a cargo de Eduardo Noriega.



La venganza de Manon

Claude Berri, dir. Filmax Home Video
A ambición e a mentira dan paso á vinganza sobre quen arruína a esperanza. Así se consuma o acto final da traxedia provenzal de Marcel Pagnol. Unha reflexión sobre o carácter do ser humano no medio rural, dende o dobre prisma da mesquindade e da bondade.



Las viudas de los jueves

Marcelo Piñeyro. Cameo
*No barrio privado Altos de la Casca todo é idílico ata que un día aparecen tres cadáveres flotando nunha das piscinas.
Tamén dispoñemos do libro «Las viudas de los jueves» escrito por Claudia Piñeiro e publicado na editorial Alfaguara.*



Yo, también

Álvaro Pastor e Antonio Naharro, dir.
Cameo

Daniel é o primeiro europeo con síndrome de Down que obtén un título universitario. Comeza a súa vida laboral na administración pública onde coñece a Laura. É posible unha relación amorosa entre Daniel e Laura?



CD AUDIO PARA MOZAS/ OS E ADULTAS/OS



5

Clunia Jazz. Xingra.com

A lendaria e precursora banda de Nani García volve co 5º álbum da súa carreira e convertidos igualmente en quinteto. Tras anos de carreiras en solitario, tanto García como o contra-baixista Baldo Martínez decántanse nesta ocasión por unha retrospectiva estilística no jazz dos anos setenta.



20 Orbital

Orbital. Warner Music

Dobre cd para conmemorar o vinte aniversario do dúo británico de música electrónica. A través destas novas mesturas e versións non editadas previamente xunto con temas en directo, amosan porqué a súa proposta é unha das máis innovadoras e ao mesmo tempo accesibles dentro da música electrónica.



X 1 fin: juntos por el Sáhara


Sony Music

Actores e cantantes xúntanse para axudar ao pobo saharauí, aquí atoparás solidariedade e os máis orixinais duetos que interpretan as cancións máis representativas dos últimos anos.



Acércate al jazz

Varios intérpretes. Universal Music
Esta selección achéganos ao jazz desde as voces e instrumentos dos seus máis grandes intérpretes.



Alborada do Brasil

Carlos Núñez. Sony Music
Premio da Crítica en Alemaña, trátase dunha obra que naceu a raíz da procura das orixes familiares de Carlos Núñez no Brasil. Alborada do Brasil pode considerarse o primeiro disco resultado da mestura da música celta e a música brasileira.



Amar la trama

Jorge Drexler. Warner Music Spain
Unha aposta musical pola profundidade, segundo verbas do artista uruguaio «frente á superficialidade do mundo no que vivimos», gravado en tan só cinco sesións e sen facer reparos á imperfección como trazo definitivamente humano.



Antes de que cuente diez

Fito & Fitipaldis. Warner Music Spain
Quinto álbum do ex-vocalista de Platero y Tú no que destacan letras que reflicten maior madurez emocional cun son pulcro e pulido. Rock clásico con liñas sólidas de guitarra e influencias de blues.



Bitches brew

Miles Davis. Sony Music

Cando saíu, aló polo 1969, moitos preguntábanse «isto é jazz?». Creábase un novo xénero que fundía a improvisación sutil coa imparabile enerxía do rock. Visionario, psicodélico e toda unha carga de profundidade comercial, estamos ante unha obra aínda radical e rompedora, profundamente contemporánea.



Cantigas do Camiño

Do Fol Música

Edición trilingüe galego, castelán e inglés con diversos grupos musicais coñecidos do Camiño: Susana Seivane, Luar na Lubre, Fuxan os Ventos, Milladoiro, Berrogüeto, etc

Cuando Lebrijano canta se moja el agua

El Lebrijano. Rosevil Productions

Regalo musical do mestre de Lebrija ao escritor Gabriel García Márquez en forma de adaptación de textos do propio Premio Nobel. Sons flamencos e «requiebros» para arrolar as esperanzas, tristes historias e soidades recreadas polo colombiano.





The element of freedom

Alicia Keys. Sony Music

O maior logro da cantante neioiorquina é o equilibrio entre éxito artístico e aposta comercial. A súa é unha música elegantemente simple froito da súa admiración e dominio do soul da vella escola e o R&B contemporáneo no medio das omnipresentes influencias hip hop.



Folkusión

Bellón Maceiras Quinteto. Do Fol Música

Daniel Bellón é un dos gaiteiros máis galardoado do país. A traxectoria co acordeonista Diego Maceiras opera no terreo da mestura de tradicións bordeando coa etiqueta «world music» e xéneros como a habaneira, reggae, pop ou blues.



Heligoland

Massive Attack. Virgin Records

Os difusores do xénero coñecido como Trip-Hop regresan cun disco cheo de colaboracións. Música sosegada e escura, cun compoñente artesan inusual no xénero electrónico pero non exento de experimentacións que resultan nun son totalmente hipnótico e ocasionalmente dramático.



Hijo de la luz y de la sombra

Joan Manuel Serrat. Sony Music
Último álbum de Serrat, baseado nos poemas de Miguel Hernández, con colaboracións de Joan Albert Amargós e Miguel Poveda editado no ano en que se cumpriu o centenario do nacemento do poeta de Orihuela. Prolongación e complemento do primeiro disco-homenaxe que realizou Serrat en 1972.



It takes a nation of millions to hold us back

Public Enemy. Def Jam Recordings
Pedra angular do hip hop máis combativo de principios dos anos noventa e referente para bandas como Negu Gorriak e Def Con Dos. Militancia política e mensaxe en absoluto compracente.



LHR

La Habitación Roja. Mushroom Pillow
A procura da perfecta canción pop. Primeiro disco dunha banda xa consolidada como clásica. A banda de Valencia, leva máis de dez anos achegando as súas cancións realistas á escena musical independente. Versión dobre que inclúe temas do seu primeiro EP «Popanrob».



María Callas: one hundred best classics

Emi

As cen mellores cancións dunha das máis grandes artistas do panorama musical.



Momentos

Dulce Pontes.

Galileo Music Communication

O renacemento do fado nos anos noventa vai intimamente unido ao son de Dulce Pontes. A través deste dobre cd atopamos os mellores momentos de dúas décadas de produción musical xunto a versións en directo e gravacións inéditas.



Pearl

Janis Joplin. Sony Music

Fixo o blues como algo propio e persoal. A súa foi unha voz, unha paixón e intensidade que fai deste álbum unha escoita imprescindible tras catro décadas. Unha das máis memorables gravacións da súa época que a intérprete non chegou a vela a causa da súa morte.

The Piper at the Gates of Dawn

Pink Floy. EMI Records

Imprescindible para os amantes do rock e da psicodelia, un dos discos que máis influíron na historia da música rock.



Los poemas de Sidney West

Juan Gelman. Visor Libros

Libro + cd.

Poemas de textura surrealista, basados nun momento difícil da súa vida.

Queen II

Queen. Parlophone

Segundo disco do grupo británico máis versátil do período que comprende dos anos 70 aos 90. Estamos ante un disco ambicioso, barroco e escuro, aínda lonxe do eclecticismo que sería a súa marca creativa a partir do posterior «A day at the Opera».




Requiem. Pavane. Élégie. Dolly

Gabriel Fauré. Philharmonia Chorus & Orchestra, Boston Symphony Orchestra. Universal Music

Segundo o propio compositor «o acougo do descanso eterno, unha feliz redención», o seu Requiem é un traballo sereno e plácido, unha nova visión. Pavane é unha obra enteiramente orquestral que provén do ritmo lento da danza procesional de corte española do mesmo nome. Gabriel Fauré é un compositor inicialmente romántico que abraza o impresionismo musical francés a finais do século XIX.





String Quartets nº 1 & 2

Malcolm Arnold. Maggini Quartet.
Naxos

Compositor británico ligado a un estilo neoclásico e neorromántico, totalmente afastado das propostas de vangarda do século XX, Malcolm Arnold non é unicamente coñecido pola súa música incidental e diferentes bandas sonoras para filmes de éxito, senón pola súa obra sinfónica –non exenta de polémica– e diversos traballos nos que destacan estes cuartetos de corda.



Symphonie fantastique

Hector Berlioz. Chicago Symphony Orchestra. Universal Music

Unha obra de grande contido autobiográfico e inmensamente influínte polo camiño que marcará a futuros compositores, ansiosos por ampliar o alcance da expresión musical na xeración posterior a Beethoven. Claudio Abbado deixa fluír elocuentemente a música, acadando o balance perfecto entre control e liberdade expresiva.



Terra de soños

Fuxan os Ventos.Boa

Libro +1 CD + 1 DVD

Grandes clásicos de Fuxan os Ventos pasados pola «batidora» do século XXI grazas ao traballo na dirección musical de Xosé Lois Romero e á colaboración de Xabier Díaz, Guadi Galego, Uxía, Mercedes Peón, Pepe Ferreirós, Nova Galega de Danza, Rodrigo Romaní, Miguel Lustres e Sabela Rodríguez.

Tua

Maria Bethánia. Discmedi

Unha carreira de máis de 50 anos levou á baiana aos escenarios de todo o mundo. Unha madurez que incide no seu refinamento cada vez máis depurado como intérprete sen sacrificar a súa fibra dramática.



Vasos rotos

Doctor Snob. El Taller de Meicende

Última entrega do traballo desta banda coruñesa de rock, valorada polas súas actuacións en directo sobrias e contundentes.









Concello de Oleiros

ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

www.oleiros.org



SISTEMA DE BIBLIOTECAS
PÚBLICAS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE OLEIROS

Catálogo das bibliotecas:
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>